



Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 - Fax 988 43 60 40

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A REALIZACIÓN DAS TAREFAS DE MANTEMENTO E LIMPEZA NAS PISCINAS MUNICIPAIS.

1ª.- O obxecto das presentes bases é regula-la contratación laboral temporal dun encargado para a realización das seguintes tarefas durante a tempada estival 2017:

- Limpeza do entorno das Piscinas Municipais.
- Cortar o céspede.
- Mantemento e limpeza das instalacións.
- Tratamento da auga das Piscinas Municipais.
- Manexo da depuradora e motores das Piscinas Municipais.

2ª.- O contrato realizarase baixo a modalidade de contrato de traballo de obra ou servizo determinado e extenderase do 15 de xuño ó 15 de setembro.

3ª.- A retribución será a correspondente a un Oficial de 1ª, nelas entenderanse incluídas as cantidades correspondentes a pagas extras, vacacións e finiquito do contrato.

4ª.- A selección farase mediante concurso de méritos e posterior entrevista persoal, valorándose a experiencia laboral en mantemento e tratamento de piscinas.

5ª.- As instancias dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente, presentaranse no rexistro xeral do Concello, de 9 a 14 horas, durante o prazo de cinco días naturais seguintes a aquel no que apareza publicado o anuncio da convocatoria no BOP.

Os aspirantes farán constar na instancia que cumpren todos e cadaún dos requisitos seguintes, baixo a súa responsabilidade, na data de finalización de presentación de instancias:

- Ter cumpridos 18 anos de idade.
- Estar empadroadado no Concello de Xunqueira de Ambía.
- Non padecer enfermidade nin eiva física que impida a realización das correspondentes tarefas.



Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 - Fax 988 43 60 40

- Acreditar haber manexado mecanismos dosificadores de produtos químicos de tratamento de piscinas.
- Acreditar práctica no manexo de automatismos electrónicos de depuradoras e motores de piscinas.
- Non estar incurso en causa de incapacidade, incompatibilidade ou prohibicións para contratar có Concello, segundo a LCSP.
- Documento acreditativo de estar inscrito no INEM coa condición de desempregado na data de finalización do prazo de presentación de instancias.

6ª. Ademais presentarán os seguintes documentos xustificativos dos méritos esixidos:

- a) Certificado da empresa privada ou organismo público para o que estivo traballando con anterioridade, indicando a duración.
- b) Copia compulsada dos títulos acreditativos dos coñecementos ós que se refire o apartado a) da base cuarta.

7ª. O procedemento de selección será o concurso de méritos. Para a valoración dos méritos constituiráse unha comisión avaliadora, que será designada por resolución da Alcaldía, e a súa composición será a determinada pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do emprego público.

8ª. A valoración dos méritos farase o entre o sexto e o oitavo día hábil posterior á publicación dun extracto destas bases no BOP e a entrevista persoal ese mesmo día ás trece horas.

Os criterios de selección serán os seguintes:

- Experiencia profesional de 0 a 3 puntos.
- Entrevista persoal de 0 a 3 puntos.
- Títulos acreditativos dos coñecementos: 0 a 3 puntos.
- Estar empadroado no Concello de Xunqueira de Ambía: 0 a 1

puntos.



Concello de Xunqueira de Ambía (Ourense)

Praza San Rosendo, 1. C.P. 32670. Teléfonos: 988 43 60 69 - Fax 988 43 60 40

9ª. O aspirante seleccionado deberá presenta-la documentación acreditativa dos requisitos esixidos no prazo de 2 días naturais a contar dende o día seguinte ó da notificación da selección.

10ª. O horario será fixado pola Alcaldía en atención ás necesidades do servicio.

11ª. Para o non previsto nestas bases, estarase ó disposto no RD 5/2001, de 2 de marzo, en materia de contratos laborais para obra ou servicio determinado, así como a lexislación reguladora da contratación laboral e a lexislación civil e mercantil.

En Xunqueira de Ambía, a 26 de maio do 2017.

O alcalde,

Asdo. José Luis Gavilanes Losada.